

PROGRAMA LEADER: PROXECTOS FINANCIADOS

Pensión O Real Boimil (Boimorto)

Posta en marcha dunha pensión ó pé do Camiño Norte no concello de Boimorto por parte dunha muller emprendedora. Os investimentos consisten nas obras de rehabilitación dunha antiga casa familiar e na ampliación da mesma con modernos módulos, o que crea unha composición na que se combina o moderno coa tradición, nunha bonita casa que ofertará o mellor servizo ás persoas que veñen facendo o Camiño.




Promotora: Mercedes Seoane Bravo

Investimento aceptado: 345.439,09 €

Axuda: 130.299,62 € (37,72%)

Creación de emprego: 1,25

Executado o 80% da obra no 2017 e o 20% restante no 2018



Fabricación propia de licores (Melide)

Os licores Mejuto, con sede en Melide, comercializadores de licores con marca propia, amplían o seu negocio, encargándose eles mesmos da fabricación a partir de agora. O proxecto supón a mellora da rendibilidade económica da empresa e a mellora do control sobre a calidade do produto, que controlarán de principio a fin. Os investimentos inclúen a maquinaria e equipos necesarios para a elaboración de licores de distintos sabores, con ingredientes locais de calidade, a partir da maceración de augardente (café, herbas, chocolate, froitos, etc.).


Promotor: J. Antonio Mejuto Casares

Investimento aceptado: 96.177,20 €

Axuda: 26.035,17 € (27,07 %)

Consolidación dun emprego e creación de outro.

Executado o 58% no 2017 e o 42% restante no 2018



Centro de envelhecimento activo (Boimorto)


O Concello de Boimorto está moi especializado en dar servizo a poboación maior e con necesidades especiais. Este sector ocupa gran parte do emprego e da actividade económica no concello. Coa posta en marcha do Centro de envelhecimento activo de Arceo mellóranse e amplíanse os servizos prestados á poboación, e descentralízanse, posibilitando ás persoas maiores desa parroquia, facer moitas actividades sen terse que desprazar ó núcleo urbano de Boimorto. As persoas da parroquia poderán levar a cabo actividades de mellora da saúde cognitiva e física así como de carácter lúdico e de intercambio de experiencias con outros segmentos de idade. Os investimentos do proxecto correspóndense coas obras de adecuación do inmovible no que se localiza o centro e na adquisición do equipamento necesario para levar a cabo as actividades.

E. Promotora: Concello de Boimorto

Investimento aceptado: 55.550,00 €

Axuda: 46.906,42 (84,44 %)

Executado o 54% no 2017 e o 46% restante no 2018



Ruta dos muíños do río das Gándaras (Vilasantar)



Ruta homologada pola ribeira do río das Gándaras para a posta en valor tanto do patrimonio natural hidrográfico deste río como do patrimonio cultural que nel se observa, especialmente, o batán, rehabilitado e en pleno funcionamento, e a Igrexa de Santa María de Mezonzo, un dos mellores expoñentes do románico galego; ámbolos dous recollidos como elementos patrimoniais prioritarios na Estratexia de Desenvolvemento Local do Ulla Tambre Mandeo. Os investimentos recollen as obras de adecuación, sinalización e homologación do sendeiro.

E. Promotora: Concello de Vilasantar

Investimento aceptado: 172.652,60 €

Axuda: 144.372,10 € (83,62%)

Executado o 45% no 2017 e o 55% restante no 2018



Unindo concellos a través do Ulla (Touro)


Ruta homologada desde a Fervenza das Hortas (límite dos concellos de Arzúa e Touro) ata a desembocadura do río Lañas no Ulla, que ven complementar a especialización do Concello de Touro en torno ó turismo sostible, coa natureza e o Río Ulla como principais eixes vertebradores da súa oferta. Con este proxecto, hai rutas de sendeirismo por toda a ribeira do Ulla en Touro; un primeiro paso de cara a un futuro sendeiro de longo percorrido, que se poderá unir ás que xa hai en Arzúa e Santiso. Os investimentos inclúen as obras de adecuación, sinalización e homologación da ruta.

E. Promotora: Concello de Touro

Investimento aceptado: 42.301,30 €

Axuda: 38.071,17€ (90,00%)

Executado o 90% no 2017 e o 10% restante no 2018



Centro interxeracional (Santiso)


A veciñanza das parroquias de Arcediago, Rairiz e Mourazos únense e fan un gran esforzo para, cos seus propios medios, poñer en marcha un centro inter-xeracional no que as persoas maiores da contorna municipal e o público infantil poidan compartir espazos de actividade, xogo, tempo e experiencias. Buscan mellorar a socialización de ambos colectivos nun concello que presenta un acusado problema de perda de poboación e, como consecuencia, illamento. Os investimentos do proxecto correspóndense coas obras de adecuación do inmobile no que se localiza o centro e na adquisición do equipamento necesario para levar a cabo as actividades e xogos.

E. Promotora: AAVV Arcediago, Rairiz e Mourazos

Investimento aceptado: 82.543,78 €

Axuda: 50.000,00 € (60,57%)

Executado o 63% no 2017 e o 37% restante no 2018



Tanatorio de catro unidades (Melide)

O servizo de tanatorio era unha imperiosa necesidade para unha vila como Melide, de máis de 7.000 habitantes. Servizo inexistente ata ese momento, onde o Concello suplía a iniciativa privada cun servizo de velorio. A posta en marcha deste tanatorio de catro unidades no casco urbano de Melide faise por parte de profesionais do sector, que se uniron a unha empresa local para ofrecer o mellor servizo. Os investimentos inclúen as obras de construción do tanatorio así como a adquisición e instalación de equipamento e mobiliario. O GDR acepta só a parte do orzamento do proxecto dedicada a tanatorio, novo servizo a nivel local.


Empresa: Valiño Mosteiro SL

Investimento aceptado: 301.024,21 €

Axuda: 66.526,35 € (22,10%)

Creación de 2 empregos, consolidación de 1

Executado o 53% no 2017 e o 47% no 2018



Proxecto para a dinamización turística sustentable con creación de sendeiro homologado na contorna do Ulla en Santiso.



Ruta homologada de 40 quilómetros pola ribeira do río Ulla ó seu paso por Santiso, e o Encoro de Portodemouros. Esta ruta fomenta non so a beleza do río e a biodiversidade, senón tamén o Ferri Azulón I, único de augas doces de Galicia. A iniciativa lévana a cabo os veciños e veciñas do Concello, a través de unha asociación. Un esforzo da xente, por poñer en valor os seus recursos, para o que empregan medios e tempo propios para facer unha ruta que se une a outra xa existente no Concello, facendo deste proxecto un complemento a todo o traballo realizado en torno ó Ulla. Os investimentos recollen as obras de adecuación, sinalización e homologación do sendeiro.

E. Promotora: Asociación Cultural e Veciñal O Noso Lar

Investimento aceptado: 104.500,00 €

Axuda: 83.098,40 € (79,52%)

Executado o 70% no 2017 e o 30% restante no 2018



Complexo hoteleiro dunha estrela (Arzúa)

Posta en marcha dun complexo hoteleiro de doce prazas, con servizo de spa (sauna e hidromasaxe) e piscina, en seis módulos independentes. O complexo localízase no Camiño Norte en Arzúa e a súa promotora é unha muller que se inicia no mundo do emprendemento. Os investimentos que inclúe o proxecto correspóndense coa adquisición de parcela, construción do complexo por módulos e coa adquisición do equipamento e mobiliario necesario para desenvolver a actividade.


Promotora: M^a Carmen Camino Sánchez

Investimento aceptado: 523.291.42 €

Axuda: 134.224,25 € (25,65%)

Creación de 1,5 empregos

Executado o 58% no 2017 e o 42% restante no 2018



Escola de idiomas Itacas (O Pino)

Posta en marcha dunha escola de idiomas no centro urbano de O Pino, Pedrouzo. Con este proxecto a promotora, Elena Maseda, conta cun espazo no que desenvolver o ensino do inglés cunha metodoloxía propia, baseada na organización do alumnado en pequenos grupos con niveis de coñecemento e obxectivos similares, de xeito que a aprendizaxe sexa o máis efectiva posible, tanto no caso do alumnado infantil como adulto. Os investimentos que inclúe o proxecto correspóndense coas obras de adecuación do baixo comercial onde se localiza a escola e coa adquisición do equipamento e mobiliario necesario para desenvolver a actividade.


E. Promotora: Intercultural Itacas Solutions SL

Investimento aceptado: 58.254,27 €

Axuda: 19.550,13 € € (33,56 %)

Consolidación dun emprego

Executado nun 66% no 2018



Instalación de autoconsumo en Barazón (Santiso)

Instalación de dez módulos fotovoltaicos, cunha potencia total de 3,15 KWp, na explotación de vacún de leite que rexenta Víctor Panadeiros en Barazón, no concello de Santiso. Con esta instalación de enerxía solar o promotor acadará un aforro de enerxía eléctrica na súa explotación dun 54% aproximadamente, o que redundará tanto nunha redución de custes da explotación como nun avance da economía verde do territorio. Os investimentos do proxecto correspóndense coa adquisición e instalación na explotación do equipamento fotovoltaico.


Promotor: Víctor Panadeiros Blanco

Investimento aceptado: 5.670,00 €

Axuda: 2.098,47 € (37,01%)

Consolidación dun emprego

Executado nun 100% no 2018



Tenda de produtos locais e ecolóxicos en cantina (O Pino)

Posta en marcha dunha cantina, situada en pleno rural a medio camiño das vilas de Arzúa e O Pino, que ten como elemento diferenciador a posibilidade, por parte da clientela, de mercar produtos agroalimentarios elaborados no territorio do Ulla Tambre Mandeo ou ecolóxicos. Os investimentos recollidos no proxecto inclúen as obras de adecuación dun antigo alpendre, onde se localiza a cantina, así como a adquisición do mobiliario e equipamento necesarios para o desenvolvemento da actividade. Cabe salientar que, derivado das restricións establecidas na Estratexia de Desenvolvemento do Ulla Tambre Mandeo, só se aceptaron como subvencionables aqueles investimentos directamente relacionados coa venda polo miúdo dos produtos agroalimentarios, e non os da cantina



Promotor: Jesús Cedrón Vigo

Investimento aceptado: 55.425,29 €

Axuda: 19.725,86 € (35,59%)

Creación dun emprego

Executado nun 100% no 2018



Cabañas de Vila sen Vento (O Pino)

Ampliación de prazas de aloxamento nun complexo de turismo rural no concello de O Pino, no Camiño Norte. O proxecto inclúe a construción de catro cabanas de madeira integradas na paisaxe da finca onde se desenvolve a actividade, de xeito que o impacto visual das novas construcións será mínimo e a sensación de aloxarse na natureza, plena. Este proxecto supón ampliar substancialmente a capacidade do negocio, ademais de poñer en marcha outros atractivos como un parque infantil e ecoparque. Os investimentos correspóndense coa construción e adquisición de equipamento necesarios para o desenvolvemento da actividade.


E. Promotora: Suavepa SL

Investimento aceptado: 305.238,62 €

Axuda: 96.714,86 € (31,69%)

Consolidación de 1,35 empregos e creación de 3

Executado nun 49% no 2018



Pensión de dúas estrelas en Sobrado (Sobrado)

Posta en marcha dunha pensión de dúas estrelas no núcleo urbano de Sobrado dos Monxes, ó pé do Camiño Norte e do Mosteiro de Santa María. A pensión proxectada contará con 28 prazas de aloxamento para peregrinos e turistas. Ofertarase, ademais, o servizo de restauración para hóspedes e clientela externa; así como un servizo de aluguer de bicicletas. Os investimentos incluídos fan referencia a: obra civil, así como a adquisición e instalación do equipamento e mobiliario necesarios para a iniciativa.

E. Promotora: Vía Sacra SL


Investimento aceptado: 534.230,00 €

Axuda: 200.000,00 € (37,44%*)

Creación de 3 empregos

Executado nun 49% no 2018

* Segundo baremo, correspóndelle unha axuda do 38,43%, pero a contía resultante excede a subvención máxima establecida na normativa.

**Rehabilitación de edificación antiga para pensión de dúas estrelas orientada ó peregrino (Sobrado)**

Posta en marcha dunha pensión con 24 prazas en Madelos, no concello de Sobrado, destinada a peregrinos no Camiño do Norte. O proxecto consiste na rehabilitación dunha antiga casa familiar, situada nunha finca de castiñeiros onde o promotor, Alejandro Sánchez, tamén está a desenvolver unha actividade de produción de shiitake en tronco. Ambas actividades se complementarán para ofertar a peregrinos e visitantes, ademais de aloxamento e un entorno natural incomparable, a posibilidade de gozar de outros servizos e experiencias relacionadas coa actividade agrícola da empresa.

E. Promotora: Sabalotal SL

Investimento aceptado: 489.687,47 €

Axuda: 198.617,24 € (40,56%)

Creación de un emprego

Executado nun 37% no 2018

